

## **ANUNCIO DA RESOLUCIÓN PROVISIONAL DAS AXUDAS DIRIXIDAS A ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE APOIO EDUCATIVO NO CONCELLO DE MUROS PARA O ANO 2025**

### **ANUNCIO**

Por Resolución desta Alcaldía núm. 975/2025 do 29 de outubro de 2025 adoptáronse os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Por Decreto número 716 da Alcaldía, de data 08-08-2025, aprobouse a convocatoria subvencións. A convocatoria foi publicada no BOP núm. 157 do 20 de agosto de 2025.

SEGUNDO: Logo de ver os informes do órgano instructor, o monitor cultural do Concello de Muros, do 26-09-2025 relativos á adecuación das solicitudes e do cumprimento dos requisitos esixidos aos beneficiarios, así como a valoración das solicitudes de subvencións dirixidas a asociacións de nais e pais de alumnos para a realización de actividades de apoio educativo no Concello de Muros para o ano 2025, segundo as bases xerais publicadas no BOP núm. 74 do 21 de abril de 2025, así como a acta da comisión de avaliación do 10-10-2025 que acreditan o cumprimento da xustificación das subvencións outorgadas as seguintes entidades e polos importes que se indican.

| ENTIDADE                   | CIF       | PROXECTO                                   | CONCESIÓN  | XUSTIFICACIÓN |
|----------------------------|-----------|--------------------------------------------|------------|---------------|
| ANPA VALDEXERÍA            | G15138571 | Naturalización do patio (II)               | 1.963,87 € | 2.160,26 €    |
| ANPA DO CEIP RICARDO TOBÍO | G15357742 | Descubrinto a maxia no cole                | 2.000,00 € | 2.200,00 €    |
| ANPA AGRA DE FILGUEIRA     | G15142441 | Xornadas Culturais: Aprendemos da natureza | 1.537,90 € | 1.691,69 €    |

Condicionar a concesión da subvención a que a que a totalidade das beneficiarias se atopen ao corrente nas súas obrigas coa Facenda Municipal do Concello de Muros, coas Facendas Estatais e Autonómica e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, e non incorran en procedemento de reintegro de subvencións ou de perda do dereito de cobro das mesmas, fiscalizado o expediente e a fase "D" pola Intervención municipal mediante informe do 28-10-2025.

Acreditada, igualmente, a existencia de saldos de autorizacións na aplicación 25/323.48000 (operación núm. 22025002399), en virtude do establecido no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 41.17 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e nos artigos 56 e 57 do RD 500/1990, do 20 de abril,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Comprometer o gasto e aprobar a concesión provisional en réxime de concorrência competitiva de subvencións dirixidas a asociacións de nais e pais de alumnos para a realización de actividades de apoio educativo no Concello de Muros para o ano 2025, segundo se establece no anexo I.

**SEGUNDO.** Abrir un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución provisional no taboleiro de anuncios da sede electrónica, para que os solicitantes poidan comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar solicitude de reformulación, alegacións ou emenda de erros. Transcorrido o prazo de 10 días sen que por parte dos solicitantes se desistan expresamente, a subvención considerárase aceptada tacitamente.

**TERCEIRO.** Notificar ás asociacións esta resolución, sinalando que para o pago das mesmas será preciso que previamente as entidades presenten a documentación xustificativa segundo o disposto na base 8ª das bases que rexen a presente convocatoria, con data límite de xustificación que rematará o 30-11-2025. No caso de non solicitar o pago anticipado, deberán igualmente presentar a correspondente documentación xustificativa dentro do mesmo prazo establecido.

**CUARTO.** Dar traslado á Intervención, á Tesourería municipal e ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.

Muros, 29 de outubro de 2025

María Lago Lestón  
A alcaldesa do Concello de Muros

## ANEXO I

### BENEFICIARIOS DAS SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE APOIO EDUCATIVO NO CONCELLO DE MUROS PARA O ANO 2025

| ENTIDADE                   | CIF       | PROXECTO                                   | CONCESIÓN  | XUSTIFICACIÓN |
|----------------------------|-----------|--------------------------------------------|------------|---------------|
| ANPA VALDEXERÍA            | G15138571 | Naturalización do patio (II)               | 1.963,87 € | 2.160,26 €    |
| ANPA DO CEIP RICARDO TOBÍO | G15357742 | Descubriendo a maxia no cole               | 2.000,00 € | 2.200,00 €    |
| ANPA AGRA DE FILGUEIRA     | G15142441 | Xornadas Culturais: Aprendemos da natureza | 1.537,90 € | 1.691,69 €    |